



Secretaría de Goberno Local
Expte :1400- 1102

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto.- Modificación da constitución do Comité de coordinación da Festividade de Nadal.-

Por Resolución da Alcaldía de data 8.08.2024 e posterior modificación de data 24.09.2024 constitúese o Comité de coordinación da Festividade de Nadal aos efectos do asesoramento, seguimento coordinación e control da execución do programa de nadal.

A vista da complexidade da xestión da actividade da festividade de Nadal na que interveñen distintas unidades administrativas e concellerías de Área/ delegadas (Comercio e Festas Especiais, Seguridade e Mobilidade, Turismo, Fomento, Servizos, Transportes e Medio Ambiente) faise preciso incorporar a xestión de dito programa e pola súa afección en materia urbanística a concellería de Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda.

e como membro do Comité de coordinación da Festividade de Nadal a , súa composición a Cuarta Tenente de Alcalde e concelleira de Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda.

Esta Alcaldía-Presidencia en uso das facultades en materia de dirección da política, goberno e administración municipal, así como o establecemento das directrices xerais da acción de goberno municipal e o aseguramento da súa continuidade, contidas no artigo 124.4.a) e c), respectivamente, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, **RESOLVE**

PRIMEIRO.- Modificar a composición do Comité de coordinación da Festividade de Nadal determinada na resolución de data 24.09.2025 incorporando a mesma a Cuarta Tenente de Alcalde e concelleira de Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda resultando o seguinte:

“(…)

SEGUNDO.- O Comité coordinación da Festividade de Nadal que actuará como órgano de coordinación política adscíbese a Primeira Tenencia de Alcaldía e estará integrado polos seguintes representantes

- O Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes , D. Fco. Javier Pardo Espiñeira.
- Cuarta Tenente de Alcalde e concelleira de Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, Dna. María José Caride Estévez.
- A concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dna. Patricia Rodríguez Calviño.
- O concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, D. Angel Rivas González.
- A concelleira delegada de Turismo e Xuventude, Dna. María del Carmen Lago Barreiro.
- A Concelleira delegada de Igualdade e Comercio, Dna. Ana Laura Iglesias González.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 08:58	Páxina 1 de 2
1400-1102	CSV: A4AED7-852ADH-D78EC6-VP6CEV-JL1GCR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *A concelleira delegada de Medio Ambiente , Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez*

Actuará como Presidenta, a Primeira Tenente Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade, Dna. Maria del Carmen Silva Rego e como Vicepresidente o Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos, Fco. Javier Pardo Espiñeira.

SEGUNDO.- Notificar aos concelleiros/as do equipo de goberno e publicar na intranet e portal de transparencia.

Vigo na data que figura ao marxe deste documento asinado electronicamente

SGF/

O Alcalde, Abel. R. Caballero Álvarez

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 08:58	Páxina 2 de 2
1400-1102	CSV: A4AED7-852ADH-D78EC6-VP6CEV-JL1GCR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		